

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

12326 *Lei 25/2014, do 27 do novembro, de tratados e outros acordos internacionais.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

I

A Convención de Viena sobre o dereito dos tratados, do 23 de maio de 1969, codifica con vocación universal as cuestións esenciais do proceso de celebración e entrada en vigor dos tratados internacionais subscritos entre Estados, así como a súa observancia, aplicación e interpretación. Aínda que non abrangue a regulación de cuestións como a sucesión de Estados en materia de tratados ou a responsabilidade derivada do incumprimento, pódese seguir considerando como 'o Tratado dos tratados' e o reflexo do dereito consuetudinario na materia.

A Convención de Viena sobre o dereito dos tratados entre Estados e organizacións internacionais ou entre organizacións internacionais, do 21 de marzo de 1986, que aínda non entrou en vigor, completa o ámbito de aplicación material da Convención de 1969 e regula os tratados entre un ou varios Estados e entre unha ou varias organizacións internacionais, así como os tratados subscritos entre organizacións internacionais.

España é Estado parte da Convención de Viena de 1969 sobre o dereito dos tratados e prestou o consentimento en obrigarse pola Convención de 1986 o 24 de xullo de 1990. Ambas as dúas convencións configuran o marco de referencia da presente lei.

No noso ordenamento xurídico, a única norma específica reguladora dos tratados é o Decreto 801/1972, do 24 de marzo, sobre ordenación da actividade da Administración do Estado en materia de tratados internacionais. No seu momento, este decreto logrou acomodar o ordenamento xurídico español ás exigencias de dereito internacional en materia de tratados internacionais e deu resposta ás remisións ao dereito interno que facía a Convención de Viena de 1969.

Non obstante, co paso do tempo o Decreto 801/1972, do 24 de marzo, quedou obsoleto tanto polo notable desenvolvemento experimentado polo dereito internacional ao longo das últimas catro décadas como polos profundos cambios políticos e constitucionais vividos por España desde 1972. Iso fai de todo punto necesario substituír o decreto por unha nova regulación que, de forma sistemática e actualizada, regule a actividade do Estado en materia de tratados internacionais e outros acordos internacionais. Esta necesidade subliñárona tanto as propias administracións públicas coma os ámbitos académico e doutrinal.

II

En efecto, o dereito internacional contemporáneo coñeceu un desenvolvemento que o colocou nunha situación que pouco ten xa que ver coa existente no momento de aprobación do Decreto 801/1972, do 24 de marzo. As convencións de Viena de 1969 e 1986 son, sen dúbida, o marco de referencia en materia de tratados internacionais, pero dificilmente se pode obviar a existencia de determinados fenómenos de novo cuño

e cambios dentro da comunidade internacional que tamén tiveron profundas consecuencias na práctica internacional dos Estados e, moi en particular, na súa actividade convencional. Así, en primeiro lugar, destaca a multiplicación de organizacións internacionais con capacidade, en moitos casos, para subscribir acordos internacionais cos Estados. Exemplo particularmente salientable é o da Unión Europea xa que tanto a súa natureza supranacional coma a atribución de amplas competencias en materia exterior a empurran á subscripción de acordos internacionais, e destaca polas súas consecuencias para os Estados membros a peculiar e complexa categoría dos *acordos mixtos* con países terceiros.

En segundo termo, hai que ter presente que a práctica en materia convencional se foi facendo cada vez máis intensa, complexa e fértil sobre a base do principio de autonomía da vontade, o cal deu orixe a novas formas de acordos e novos problemas de aplicación. Neste sentido, o dereito interno dun Estado pode establecer a distinción entre tratados e outros tipos de acordos internacionais, posibilidade que prevén expresamente as convencións de Viena de 1969 e 1986 nos seus respectivos artigos 2.2. Así, en relación coas novas formas de acordos, cabe citar os acordos de execución de tratados internacionais, normalmente denominados na práctica española 'acordos internacionais administrativos' e a subscripción de acordos internacionais non normativos, frecuentemente denominados memorandos de entendemento ou identificados mediante a sigla MOU derivada da denominación inglesa *Memoranda of Understanding*, que instrumentan a asunción de compromisos políticos. Agora ben, iso non impide en modo ningún que coexistan categorías diferentes ás tres reguladas por esta lei que se rexen, todas elas, polo dereito interno dos Estados.

Desde a perspectiva interna, os artigos 56, 63.2 e 93 a 96 da Constitución española de 1978 regulan a actividade exterior do Estado en materia de tratados internacionais e, en boa medida, o Decreto 801/1972, do 24 de marzo, non resulta compatible con eles. Non en van, a entrada en vigor da Constitución española significou, en virtude do punto terceiro da súa disposición derogatoria única, a terminación de vixencia daquelas partes do Decreto 801/1972, do 24 de marzo, que eran incompatibles coa Carta Magna, e tal era o caso polo menos dos títulos V e VI do citado decreto. Ata o momento este baleiro normativo foi cuberto na práctica por tres vías principais. En primeiro lugar, pola emisión dun bo número de circulares e ordes ministeriais que foron articulando de forma dispersa os trámites que se deben seguir na tramitación interna dos tratados internacionais e dos outros posibles acordos internacionais. En segundo lugar, pola tarefa interpretadora do Tribunal Constitucional, así como polo labor asesor do Consello de Estado e da Asesoría Xurídica Internacional do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación. E en terceiro lugar, dado o silencio do Decreto 801/1972, do 24 de marzo, a propósito da aplicación, os xuíces ordinarios tamén desempeñaron un papel de primeira orde.

Así mesmo, o deseño territorial do Estado realizado tras a entrada en vigor da Constitución española de 1978 significou o recoñecemento ás comunidades autónomas, a través dos seus respectivos estatutos de autonomía, de relevantes competencias en materia de acción exterior. Desta forma, como consecuencia do previsto no punto terceiro do artigo 149.1 da Constitución española, o Estado posúe unha competencia de carácter exclusivo en materia de relacións internacionais que, con base nunha asentada xurisprudencia do Tribunal Constitucional, inclúe no seu núcleo duro precisamente a capacidade de subscribir tratados internacionais, o chamado *ius ad tractatum*. Non obstante, as comunidades autónomas teñen competencia para despregar certas actividades de acción exterior entre as cales cabe, por exemplo, a subscripción de acordos internacionais non normativos. Tamén dispoñen de competencia para subscribir acordos internacionais administrativos, en concreción ou execución dun tratado. Gozan, ademais, de competencias noutros aspectos da acción exterior que tamén teñen consecuencias na propia política exterior do Estado en materia de subscripción de tratados internacionais e que deben ser obxecto de regulación para garantir a súa axeitada inserción dentro da competencia exclusiva do Estado derivada dos artigos 97 e 149.1.3.^a da Constitución española. Tal é o caso, por exemplo, do dereito das comunidades autónomas a propor a

apertura de negociacións para a subscripción de tratados sobre materias respecto das cales acrediten un interese xustificado, o dereito a seren informadas da negociación de tratados internacionais que afecten as súas competencias ou o dereito a solicitar ao Goberno formar parte da delegación española que negocie un tratado internacional que afecte competencias das comunidades autónomas.

Igualmente, a pertenza de España á Unión Europea ten profundas repercusións no ámbito da subscripción de tratados internacionais e doutros acordos internacionais. Non en van a Unión goza de personalidade xurídica propia e de amplas competencias en materia exterior, o cal se traduce na posibilidade de subscribir acordos internacionais con países terceiros ou organizacións internacionais. Os ditos acordos vinculan tanto as institucións da Unión coma os Estados membros e son de dispar natureza segundo sexa a competencia da Unión sobre a cal se basee. Poden existir, polo tanto, acordos que subscriba só a Unión cun país terceiro ou unha organización internacional, sen participación ningunha dos Estados membros, se a Unión goza de competencia exclusiva para iso. Pero poden existir acordos en que, xunto á Unión, participen tamén os Estados membros, se se trata de competencias compartidas; precisamente por este motivo xurdiu a peculiar categoría dos *acordos mixtos*. Pola súa vez, segundo sexa o seu contido, natureza e finalidade, existe unha ampla variedade de posibilidades de acordos: acordos de asociación, acordos comerciais, acordos de adhesión, entre outros. Trátase, en calquera caso, dun ámbito específico en que o tratamento xurídico que dea cada Estado membro exige tamén unhas especificidades e unha flexibilidade que permitan asumir as peculiaridades derivadas da pertenza a un proceso de integración de carácter supranacional.

Este escenario exige unha actualización do instrumento xurídico que regula a ordenación da actividade do Estado en materia de tratados internacionais e doutros acordos internacionais e aconsella un rango legal para atender o que xa foron recomendacións do Consello de Estado. Neste sentido, cando no seu momento se estaba a preparar o Decreto 801/1972, do 24 de marzo, o Consello de Estado chamou a atención sobre o feito de que «o interese público e a seguridade xurídica aconsellan que se dite unha disposición de rango legal» nos seus ditames número 37.248 e 37.068, do 19 de novembro de 1971. De igual modo, unha vez en vigor a Constitución española de 1978, o Consello de Estado volveuse pronunciar no mesmo sentido con ocasión do informe que emitiu a propósito do anteproxecto de lei de tratados que se preparou en 1985, ben que non chegou a se remitir ás Cortes Xerais, no seu ditame número 47.392, do 21 de febreiro de 1985. Iso obedece, entre outros aspectos, a que «a materia afecta as relacións entre órganos constitucionais e, así mesmo, entre os ordenamentos xurídicos nacional e internacional, regula a produción e aplicación de normas xurídicas convencionais (Constitución española, artigo 96) e, finalmente, porque o artigo 63.2 da Constitución española establece en realidade unha reserva de lei». En efecto, esta disposición establece que «ao rei lle corresponde manifestar o consentimento do Estado para obrigarse internacionalmente por medio de tratados, de conformidade coa Constitución española e coas leis».

III

Así as cousas, o contido desta Lei de tratados e outros acordos internacionais artículase arredor de cinco grandes títulos. O punto de partida configúranos as disposicións xerais do título I, que precisan o alcance material da lei e inclúen definicións dos principais conceptos manexados na lei. A continuación, como núcleo fundamental desta, regúlase no título II todo o relativo á competencia para a subscripción e a subscripción mesma dos tratados internacionais, diferenciando, da mesma forma que fai o Convenio de Viena de 1969 sobre dereito dos tratados, entre a representación internacional de España, o proceso de subscripción, a publicación e o rexistro, a execución e observancia e a emenda, suspensión e denuncia. A partir de aí, a lei dedica os dous títulos seguintes á regulación de dúas importantes modalidades de acordos internacionais de relevancia crecente na práctica internacional que, non obstante, non gozan da natureza dos tratados

internacionais, isto é, os acordos internacionais administrativos, título III, e os acordos internacionais non normativos, título IV. Ambas as dúas modalidades precisan unha regulación dos aspectos propios da súa natureza, cualificación, tramitación e, segundo os casos, publicación ou rexistro administrativo. Por último, en razón da natureza do noso Estado autonómico e das competencias asumidas en materia de acción exterior polas comunidades autónomas a través dos seus respectivos estatutos de autonomía, a lei presta particular atención á participación destas comunidades autónomas, título V, tanto na subscrición de tratados internacionais coma de acordos administrativos e acordos non normativos. Finalmente, a lei péchase coas correspondentes disposicións adicionais, derogatoria e derradeiras.

TÍTULO I

Disposicións xerais

CAPÍTULO I

Obxecto e definicións

Artigo 1. *Obxecto.*

A presente lei ten por obxecto regular a subscrición e aplicación por España dos tratados internacionais, dos acordos internacionais administrativos e dos acordos internacionais non normativos definidos no artigo 2.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos desta lei enténdese por:

a) «Tratado internacional»: acordo suscrito por escrito entre España e outro ou outros suxeitos de dereito internacional e rexido polo dereito internacional, xa conste nun instrumento único ou en dous ou máis instrumentos conexos e calquera que sexa a súa denominación.

b) «Acordo internacional administrativo»: acordo de carácter internacional non constitutivo de tratado que subscriben órganos, organismos ou entes dun suxeito de dereito internacional competentes por razón da materia, cuxa subscrición está prevista no tratado que executa ou concreta, cuxo contido habitual é de natureza técnica calquera que sexa a súa denominación e que se rexe polo dereito internacional. Non constitúe acordo internacional administrativo o celebrado por eses mesmos órganos, organismos ou entes cando se rexe por un ordenamento xurídico interno.

c) «Acordo internacional non normativo»: acordo de carácter internacional non constitutivo de tratado nin de acordo internacional administrativo que subscriban o Estado, o Goberno, os órganos, organismos e entes da Administración xeral do Estado, as comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla, as entidades locais, as universidades públicas e calquera outro suxeito de dereito público con competencia para iso, que contén declaracións de intencións ou establece compromisos de actuación de contido político, técnico ou loxístico, e non constitúe fonte de obrigas internacionais nin se rexe polo dereito internacional.

d) «Suxeito de dereito internacional»: un Estado, unha organización internacional ou outro ente internacional que goce de capacidade xurídica para subscribir tratados internacionais.

e) «Plenipotencia» ou «plenos poderes»: documento que acredita unha ou varias persoas para representar a España na negociación, adopción ou autenticación do texto dun tratado internacional, para expresar o consentimento en obrigarse por este ou para executar calquera outro acto con respecto a un tratado.

f) «Negociación»: proceso polo cal se elabora o texto dun tratado internacional.

- g) «Negociador»: o representante do suxeito de dereito internacional que participa na elaboración e adopción do texto dun tratado internacional.
- h) «Adopción»: acto polo cal España expresa o seu acordo sobre o texto dun tratado internacional.
- i) «Autenticación»: acto polo cal España establece como correcto, auténtico e definitivo o texto dun tratado internacional.
- j) «Rúbrica»: acto polo cal España autentica un tratado internacional mediante unha sinatura abreviada ou as iniciais do plenipotenciario.
- k) «Sinatura»: acto polo cal España autentica un tratado internacional ou manifesta o consentimento en obrigarse por el.
- l) «Sinatura *ad referendum*»: acto polo cal España asina, sen a autorización previa do Consello de Ministros, un tratado internacional, e que equivalerá á sinatura definitiva unha vez aprobada a sinatura *ad referendum* polo Consello de Ministros.
- m) «Troca de instrumentos»: acto polo cal España e outro suxeito de dereito internacional autentican ou manifestan o consentimento en obrigarse por un tratado constituído por instrumentos, cando se dispoña que este acto teña ese efecto ou cando conste doutro modo que ambos os dous suxeitos de dereito internacional conviñeron que o teña.
- n) «Ratificación»: acto, precedido dunha sinatura de autenticación, polo que España fai constar o seu consentimento en obrigarse polo tratado internacional, mediante o instrumento regulado no artigo 22 desta lei.
- ñ) «Adhesión»: acto polo cal España fai constar o seu consentimento en obrigarse por un tratado multilateral, cando non foi previamente asinado ou ratificado por España, mediante o instrumento regulado no artigo 22 desta lei.
- o) «Aceptación», «aprobación» e «notificación»: denominacións do acto, con idénticos efectos, polo que España fai constar o seu consentimento en obrigarse por un tratado internacional, asinácese ou non o texto do tratado.
- p) «Contratante»: suxeito de dereito internacional que consentiu en obrigarse por un tratado internacional, entrase ou non en vigor.
- q) «Parte»: suxeito de dereito internacional que consentiu en obrigarse por un tratado internacional e para o cal o dito tratado está en vigor.
- r) «Reserva»: declaración unilateral realizada por España ao asinar, ratificar, aceptar ou aprobar un tratado internacional ou ao se adherir a el, para excluír ou modificar os efectos xurídicos de certas disposicións do tratado na súa aplicación a España, calquera que sexa o seu enunciado ou denominación.
- s) «Obxección a unha reserva»: declaración unilateral pola que España expresa a súa desconformidade en relación coa reserva formulada previamente por outro suxeito de dereito internacional.
- t) «Declaración interpretativa»: manifestación de vontade realizada unilateralmente por España para precisar ou aclarar o sentido ou alcance que atribúe ao tratado internacional ou a algunha das súas disposicións, calquera que sexa o seu enunciado ou denominación.
- u) «Denuncia»: acto polo cal España fai constar o seu consentimento para dar por finalizadas respecto a si mesma as obrigas derivadas dun tratado.

CAPÍTULO II

Competencias en materia de tratados e outros acordos internacionais

Artigo 3. *Competencias do Consello de Ministros.*

Corresponderalle ao Consello de Ministros:

- Autorizar a sinatura dos tratados internacionais e actos de natureza similar á sinatura, conforme o disposto no artigo 14.
- Aprobar a súa sinatura *ad referendum*.
- Autorizar a súa aplicación provisional, nos termos previstos pola presente lei.

- d) Aprobar e acordar a remisión ás Cortes Xerais dos proxectos de lei orgánica previstos no artigo 93 da Constitución.
- e) Acordar a solicitude de autorización previa e dispor para este efecto a remisión ás Cortes Xerais dos tratados internacionais nos supostos do artigo 94.1 da Constitución.
- f) Dispor a remisión ao Congreso dos Deputados e ao Senado do resto dos tratados internacionais para os efectos do artigo 94.2 da Constitución española.
- g) Acordar a manifestación do consentimento de España para obrigarse mediante un tratado internacional e, de ser o caso, as reservas que pretenda formular.
- h) Coñecer dos acordos internacionais administrativos e dos non normativos cuxa importancia así o aconselle.

Artigo 4. *Competencias do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.*

1. No ámbito da Administración xeral do Estado, o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación:

- a) Exercerá a competencia xeral en materia de tratados internacionais e as atribucións que non correspondan a outros ministerios que, por razón da materia, resulten competentes na negociación e seguimento deles.
- b) Prestará asistencia técnica, como departamento especializado en materia de dereito internacional, aos órganos e entes intervinientes na celebración de tratados e doutros acordos internacionais, e asesoraralos na dita materia de conformidade co previsto na Lei 52/1997, do 27 de novembro, de asistencia xurídica ao Estado e institucións públicas.
- c) Fará o seguimento da actividade convencional, informará sobre iso os órganos colexiados do Goberno e formulará ante eles as propostas de decisión que procedan.

2. En relación coas restantes administracións públicas, o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación exercerá tarefas de asesoramento, coordinación e as demais funcións que se lle atribúen nesta lei.

Artigo 5. *Competencias dos departamentos ministeriais.*

Corresponderalles aos departamentos ministeriais respecto dos tratados e doutros acordos internacionais que os afecten no ámbito das súas respectivas competencias:

- a) A iniciativa na negociación do tratado ou acordo.
- b) A formulación, desenvolvemento e conclusión da negociación.
- c) A presenza e participación na subscripción, aplicación e seguimento dos tratados ou acordos.
- d) Manter informado o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación da negociación, aplicación e seguimento dos tratados ou acordos.
- e) A proposta ao Consello de Ministros, conxuntamente co Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, dos acordos de autorización de rúbrica, sinatura, troca de instrumentos ou sinatura *ad referendum*, para os efectos da autenticación, así como a proposta da aplicación provisional.

Artigo 6. *Comisión interministerial de coordinación en materia de tratados e outros acordos internacionais.*

Créase a Comisión interministerial de coordinación en materia de tratados e outros acordos internacionais como órgano colexiado de intercambio de información e coordinación dos departamentos ministeriais, cuxa composición e funcionamento se determinarán regulamentariamente.

A dita comisión establecerá a forma de facer efectiva a cooperación entre a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla con finalidade informativa, e facer efectiva a súa participación no cumprimento dos compromisos internacionais formalizados por España.

Artigo 7. *Competencias das comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla e entidades locais.*

As comunidades autónomas poderán participar na subscrición de tratados internacionais. Así mesmo, as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla e as entidades locais poderán subscribir outros acordos internacionais no marco das competencias que lles outorgan os tratados internacionais, a Constitución española, os estatutos de autonomía e o resto do ordenamento xurídico, nos termos establecidos no título V desta lei.

TÍTULO II

Dos tratados internacionais

CAPÍTULO I

Representación internacional de España

Artigo 8. *Denominación do Estado español.*

A denominación oficial do Estado español nos tratados internacionais será «Reino de España».

Artigo 9. *Nomeamento de representantes de España.*

O ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación, por proposta do ministerio ou ministerios competentes por razón da materia, nomeará os representantes de España para a execución de calquera acto internacional relativo a un tratado internacional.

Artigo 10. *Plenos poderes.*

1. Para executar en representación de España calquera acto internacional relativo a un tratado e, en particular, para negociar, adoptar e autenticar o seu texto, así como para manifestar o consentimento de España en obrigarse mediante tratado, a persoa ou persoas que os leven a cabo deberán estar provistas dunha plenipotencia asinada polo ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación en nome do rei.

2. Non necesitarán plenipotencia para representar a España:

a) O rei, o presidente do Goberno e o ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

b) Os xefes de misión diplomática e de representación permanente ante unha organización internacional para a negociación, adopción e autenticación do texto dun tratado internacional entre España e o Estado ou organización ante os cales se encontran acreditados.

c) Os xefes de misión especial enviados a un ou varios Estados estranxeiros para a negociación, adopción e autenticación do texto dun tratado internacional entre España e calquera dos Estados a que foi enviada a misión.

d) Os representantes acreditados ante unha conferencia internacional ou ante unha organización internacional ou un dos seus órganos, para a negociación, adopción e autenticación do texto dun tratado internacional elaborado no seo de tal conferencia, organización ou órgano.

3. A execución dun acto internacional relativo ao proceso de subscrición dun tratado internacional por persoa non provista de plenipotencia non producirá efectos xurídicos, salvo que o ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación valide o acto.

CAPÍTULO II

Subscrición dos tratados internacionaisArtigo 11. *Negociación.*

1. Os departamentos ministeriais negociarán os tratados internacionais no ámbito das súas respectivas competencias, en coordinación co Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

2. A apertura do proceso de negociación dun tratado internacional someterase a coñecemento previo dos órganos colexiados do Goberno a través da Comisión Xeral de Secretarios de Estado e Subsecretarios. Para tal efecto, o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, por iniciativa dos ministerios interesados, elevará un informe coa relación dos procesos de negociación cuxa apertura se propón, que incluírá unha valoración sobre a oportunidade de cada un deles no marco da política exterior española.

3. As comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla poderán participar nas negociacións dun tratado internacional nos termos previstos no título V.

Artigo 12. *Adopción.*

Corresponderalles aos negociadores adoptar o texto dun tratado internacional. No suposto dun texto elaborado por unha conferencia internacional, ou no seo dunha organización internacional, a adopción realizarase de conformidade co regulamento da dita conferencia, coas regras da organización e, na súa falta, de acordo coas normas xerais de dereito internacional.

Artigo 13. *Autenticación.*

1. O texto dun tratado internacional autenticarase mediante o procedemento que nel se prescriba ou conveñan os negociadores. Na falta de previsión ou acordo, o texto quedará establecido como auténtico mediante a sinatura, a sinatura *ad referendum* ou a rúbrica postas no texto do tratado ou na acta final da conferencia internacional na cal figure o dito texto.

2. Os tratados internacionais de carácter bilateral subscritos por España estarán sempre redactados en español e así se fará constar neles, sen prexuízo de que tamén poidan estalo noutra ou noutras linguas españolas que sexan cooficiais nunha comunidade autónoma ou en linguas estranxeiras.

Artigo 14. *Autorización de sinatura e actos de natureza similar.*

1. O Consello de Ministros autorizará a rúbrica, sinatura ou troca de instrumentos, segundo sexa o caso, dun tratado internacional, e aprobará a súa sinatura *ad referendum*.

A proposta ao Consello de Ministros será elevada polo ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación e, de ser o caso, conxuntamente co titular do departamento ministerial que sexa competente por razón da materia.

2. O presidente do Goberno e o ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación poderán asinar *ad referendum* calquera tratado internacional. A sinatura *ad referendum* por calquera outro representante de España precisará a autorización do ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

O ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación, conxuntamente co titular do departamento ministerial competente por razón da materia, elevará a sinatura *ad referendum* para a súa aprobación ao Consello de Ministros e comunicará a aprobación ao depositario ou, de ser o caso, á contraparte.

3. A aprobación polo Consello de Ministros da sinatura *ad referendum* dun tratado equivalerá á sinatura definitiva con efectos de autenticación.

Artigo 15. *Aplicación provisional.*

1. O Consello de Ministros, por proposta do ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación, e por iniciativa motivada do departamento competente para a súa

negociación, autorizará a aplicación provisional, total ou parcial, dun tratado internacional antes da súa entrada en vigor. O Ministerio da Presidencia comunicará o acordo de autorización ás Cortes Xerais.

2. A aplicación provisional non se poderá autorizar respecto dos tratados internacionais a que se refire o artigo 93 da Constitución española.

3. No suposto de que se trate dun tratado internacional comprendido nalgún dos supostos do artigo 94.1 da Constitución española, se as Cortes Xerais non conceden a preceptiva autorización para a conclusión do dito tratado, o ministro de Asuntos Exteriores e Cooperación notificaralles de inmediato aos outros contratantes, entre os cales o tratado se aplica provisionalmente, a intención de España de non chegar a ser parte nel, e nese momento rematará a súa aplicación provisional.

4. O Consello de Ministros autorizará a aplicación provisional dos tratados internacionais que impliquen obrigas financeiras para a Facenda pública e o desembolso de fondos con carácter previo á súa ratificación e entrada en vigor, por iniciativa motivada do departamento competente, sempre que exista crédito adecuado e suficiente nos orzamentos xerais do Estado, de acordo co calendario de pagamentos previsto, logo de informe do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e por proposta do ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

Artigo 16. Manifestación do consentimento en obrigarse por un tratado.

1. O Consello de Ministros acordará a manifestación do consentimento de España en obrigarse por un tratado internacional, de conformidade coa Constitución española e coas leis, na forma convida polos negociadores.

2. Nos supostos de tratados que poidan estar incluídos nos artigos 93 e 94.1 da Constitución española, os representantes de España só poderán convir aquelas formas de manifestación do consentimento que permitan a obtención da autorización das Cortes Xerais previamente á conclusión do tratado.

Artigo 17. Trámites internos previos á manifestación do consentimento en obrigarse por un tratado internacional.

1. A manifestación do consentimento en obrigarse por un tratado internacional dos previstos nos artigos 93 e 94.1 da Constitución española requirirá a autorización previa das Cortes Xerais nos termos establecidos nos ditos preceptos.

2. O Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, visto o informe da Asesoría Xurídica Internacional acerca da tramitación do tratado e en coordinación co ministerio competente por razón da materia obxecto do tratado, elevará ao Consello de Estado, de acordo co artigo 22.1 da Lei orgánica 3/1980, do 22 de abril, do Consello de Estado, a consulta acerca da necesidade de autorización das Cortes Xerais con carácter previo á prestación do consentimento en obrigarse por un tratado. Así mesmo, corresponderalle propoñer ao Consello de Ministros, logo de ditame do Consello de Estado, o envío do tratado ás Cortes Xerais con ese fin.

3. O Consello de Ministros remitiralles ás Cortes Xerais o tratado, xunto cos informes e ditames existentes, así como calquera outro posible documento anexo ou complementario do tratado, as reservas ou declaracións que se propoña formular España ou realizasen outros Estados, así como a indicación, se é o caso, da existencia de aplicación provisional do tratado.

Artigo 18. Información ao Congreso dos Deputados e ao Senado.

1. De conformidade co establecido no artigo 94.2 da Constitución española, o Goberno informará inmediatamente o Congreso dos Deputados e o Senado da conclusión de todo tratado internacional e remitiralle o seu texto completo, xunto coas reservas formuladas e coas declaracións que España realizase, cos informes e ditames solicitados.

2. Respecto de todo tratado, as cámaras e as súas comisións poderán solicitar, a través dos presidentes daquelas, a información e colaboración que precisen do Goberno

e dos seus departamentos e de calquera autoridade do Estado e das comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla.

Artigo 19. *Control previo de constitucionalidade.*

O control previo de constitucionalidade dos tratados internacionais previsto no artigo 95 da Constitución española tramitarase de conformidade co previsto no artigo 78 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, e nos regulamentos do Congreso dos Deputados e do Senado.

Artigo 20. *Troca ou depósito dos instrumentos de ratificación, aceptación, aprobación e adhesión.*

O Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación adoptará as medidas pertinentes para proceder á troca, depósito ou notificación aos contratantes ou ao depositario dos instrumentos mediante os cales se manifesta o consentimento de España en obrigarse por un tratado internacional.

Artigo 21. *Reservas e declaracións.*

1. A manifestación do consentimento de España en obrigarse mediante un tratado internacional irá acompañada, se é o caso, das reservas e declaracións que España decidise formular.

2. No caso de tratados internacionais que precisen da autorización parlamentaria a que se refire o artigo 17, a manifestación do consentimento irá acompañada, se é o caso, das reservas e declaracións nos termos en que fosen autorizadas polas Cortes Xerais.

3. O Goberno informará as Cortes Xerais respecto das aceptacións ou obxeccións que formulase ás reservas emitidas polas outras partes contratantes nos tratados internacionais previamente autorizados polas cámaras.

Artigo 22. *Sinatura do instrumento de manifestación do consentimento polo rei.*

O rei, co referendo do ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación, asinará os instrumentos de ratificación e de adhesión que manifesten o consentimento de España en obrigarse por un tratado internacional.

CAPÍTULO III

Publicación e rexistro dos tratados internacionais

Artigo 23. *Publicación no «Boletín Oficial del Estado» e entrada en vigor.*

1. Os tratados internacionais validamente subscritos publicaranse integramente no «Boletín Oficial del Estado». A publicación deberase producir ao tempo da entrada en vigor do tratado para España ou antes se se coñece de forma fidedigna a data da súa entrada en vigor.

2. Se se conviñese a aplicación provisional dun tratado ou de parte deste, procederase á súa inmediata publicación. No seu momento publicarase a data da entrada en vigor para España ou, de ser o caso, aquela en que remate a súa aplicación provisional.

3. Os tratados internacionais formarán parte do ordenamento xurídico interno unha vez publicados no «Boletín Oficial del Estado».

Artigo 24. *Contido da publicación.*

1. A publicación dun tratado internacional no «Boletín Oficial del Estado» incluírá o texto íntegro do tratado xunto con calquera instrumento e documento anexo ou complementario, así como os actos unilaterais dependentes do tratado. Ademais, publicarase a data de entrada en vigor do tratado e, de ser o caso, a de aplicación provisional e a súa terminación.

2. Así mesmo, publicarase no «Boletín Oficial del Estado» calquera acto posterior que afecte a aplicación dun tratado internacional.

Artigo 25. *Rexistro.*

1. De conformidade co establecido no artigo 102 da Carta das Nacións Unidas, o Goberno, a través do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, rexistrará na Secretaría das Nacións Unidas os tratados bilaterais en que España sexa parte, así como os tratados multilaterais dos cales España sexa depositaria. Adoptaranse medidas semellantes en calquera outra organización internacional que proceda.

2. O Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación comunicará á Secretaría das Nacións Unidas, e a calquera outra organización internacional que proceda, todo acto ulterior realizado por España que modifique ou suspenda os ditos tratados internacionais ou que poña termo á súa aplicación.

Artigo 26. *Custodia e depósito.*

1. O Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación custodiará os textos orixinais dos tratados internacionais subscritos por España ou, de ser o caso, os exemplares autorizados destes, así como os de calquera outro instrumento ou comunicación relativos a un tratado.

2. En caso de que España sexa designada depositaria dun tratado internacional, as funcións correspondentes serán desempeñadas polo Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

Artigo 27. *Publicacións periódicas.*

Sen prexuízo da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación publicará periodicamente coleccións de tratados en vigor en que España sexa parte.

CAPÍTULO IV

Aplicación e interpretación dos tratados internacionais

Artigo 28. *Eficacia.*

1. As disposicións dos tratados internacionais validamente subscritos só poderán ser derogadas, modificadas ou suspendidas na forma prevista nos propios tratados ou de acordo coas normas xerais de dereito internacional.

2. Os tratados internacionais validamente subscritos e publicados oficialmente producirán efectos en España desde a data que o tratado determine ou, na súa falta, a partir da data da súa entrada en vigor.

Artigo 29. *Observancia.*

Todos os poderes públicos, órganos e organismos do Estado deberán respectar as obrigas dos tratados internacionais en vigor en que España sexa parte e velar polo adecuado cumprimento dos ditos tratados.

Artigo 30. *Execución.*

1. Os tratados internacionais serán de aplicación directa, a menos que do seu texto se desprenda que esta aplicación queda condicionada á aprobación das leis ou disposicións regulamentarias pertinentes.

2. O Goberno remitiralles ás Cortes Xerais os proxectos de lei que se requiran para a execución dun tratado internacional.

3. O Goberno, as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla adoptarán as medidas necesarias para a execución dos tratados internacionais en que España sexa parte no que afecte materias das súas respectivas competencias.

Artigo 31. *Prevalencia dos tratados.*

As normas xurídicas contidas nos tratados internacionais validamente subscritos e publicados oficialmente prevalecerán sobre calquera outra norma do ordenamento interno en caso de conflito con elas, salvo as normas de rango constitucional.

Artigo 32. *Declaración de inconstitucionalidade.*

A declaración de inconstitucionalidade dos tratados internacionais tramitarase polo procedemento regulado no título II da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional.

Artigo 33. *Efectos xurídicos das reservas, ámbito territorial, cláusula da nación máis favorecida e aplicación de tratados sucesivos concernentes á mesma materia.*

1. De conformidade coas normas xerais de dereito internacional e segundo o previsto no propio tratado, determinaranse:

- a) Os efectos xurídicos das reservas que afecten as disposicións dun tratado internacional de que España sexa parte.
- b) Os efectos xurídicos das obxeccións a tales reservas.
- c) O ámbito de aplicación territorial do tratado.

2. Os efectos xurídicos da cláusula da nación máis favorecida inserida en tratados internacionais en que España sexa parte determinaranse de conformidade coas normas de dereito internacional.

3. Cando España sexa parte en dous ou máis tratados internacionais sucesivos relativos á mesma materia, a determinación das disposicións que deban prevalecer efectuarase na forma prevista nos ditos tratados e, na súa falta, de acordo coas normas xerais de dereito internacional.

Artigo 34. *Retirada das reservas e das obxeccións ás reservas.*

1. A retirada das reservas, así como das declaracións ou obxeccións que España formulase, requirirá a autorización do Consello de Ministros, por proposta do ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación. Así mesmo, o Consello de Ministros tomará coñecemento e, de ser o caso, aceptará a retirada de reservas e declaracións formuladas por outras partes.

2. Cando a retirada afecte reservas e declaracións aprobadas polas Cortes Xerais, requirirase a súa autorización previa. Nos demais casos as Cortes Xerais serán informadas diso.

Artigo 35. *Regras de interpretación.*

1. As disposicións dos tratados internacionais interpretaranse de acordo cos criterios establecidos polas normas xerais de dereito internacional, os consagrados nos artigos 31 a 33 da Convención de Viena do 23 de maio de 1969 sobre dereito dos tratados e os contidos no propio tratado.

2. Na interpretación dos tratados internacionais constitutivos de organizacións internacionais e de tratados adoptados no ámbito dunha organización internacional terase en conta toda norma pertinente da organización.

3. As disposicións de tratados internacionais afectadas por declaracións formuladas por España interpretaranse conforme o sentido conferido nelas.

4. As disposicións ditadas en execución de tratados internacionais en que España sexa parte interpretaranse de conformidade co tratado que desenvolven.

5. As dúbidas e discrepancias sobre a interpretación e o cumprimento dun tratado internacional de que España sexa parte serán sometidas ao ditame do Consello de Estado, de acordo co disposto na Lei orgánica 3/1980, do 22 de abril, do Consello de Estado, polo ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación en coordinación co ministerio competente por razón da materia.

CAPÍTULO V

Emenda, denuncia e suspensión dos tratados internacionais

Artigo 36. *Emenda.*

1. A emenda dun tratado internacional levarase a cabo na forma nel prevista ou, na súa falta, mediante a conclusión entre as partes dun novo tratado.

2. Cando o tratado internacional prevexa un procedemento de emenda que non requira a conclusión dun novo tratado internacional, seguirase no dereito interno español algún dos seguintes procedementos:

a) Toma de coñecemento polo Consello de Ministros, por proposta do ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación, dunha emenda que entre en vigor directamente, en virtude do procedemento previsto no tratado e sen necesidade de ningunha decisión adicional polo Estado parte.

b) Aceptación ou rexeitamento polo Consello de Ministros, por proposta do ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación, dunha emenda adoptada que poida ser aceptada ou rexeitada polo Estado parte no prazo establecido para iso polo tratado.

Transcorrido o dito prazo sen oposición, a emenda entenderase tacitamente aceptada e o Consello de Ministros, por proposta do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, tomará coñecemento da súa entrada en vigor.

Artigo 37. *Denuncia e suspensión.*

1. O Consello de Ministros poderá acordar a denuncia ou a suspensión da aplicación dun tratado internacional, por proposta do ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación, en coordinación co ministerio competente por razón da materia obxecto do tratado, conforme as normas do propio tratado ou as normas xerais de dereito internacional.

2. Por razóns de urxencia, debidamente xustificadas, o ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación e, se é o caso, en coordinación co ministerio competente en relación coa materia obxecto do tratado, poderá decidir a suspensión da aplicación dun tratado e solicitará con carácter inmediato a aprobación do Consello de Ministros.

3. Non obstante o disposto nos números anteriores, os tratados internacionais comprendidos nos artigos 93 e 94.1 da Constitución española só poderán ser denunciados logo de autorización das Cortes Xerais, de conformidade co disposto no artigo 96.2 da Constitución española.

4. O Goberno informará inmediatamente as Cortes Xerais da denuncia ou da suspensión da aplicación dun tratado internacional.

5. Cando se acorde a suspensión da aplicación dun tratado internacional cuxa autorización fose aprobada polas Cortes Xerais, o Goberno solicitará, con carácter inmediato, a ratificación da suspensión por estas. Se as Cortes Xerais non aproban esta ratificación, o Goberno revogará o acordo de suspensión da aplicación do tratado.

TÍTULO III

Dos acordos internacionais administrativosArtigo 38. *Requisitos.*

1. Os órganos, organismos e entes das administracións públicas poderán subscribir acordos internacionais administrativos en execución e concreción dun tratado internacional cando o propio tratado así o prevea.

2. Os acordos internacionais administrativos só poderán ser asinados polas autoridades designadas no propio tratado internacional ou, na súa falta, polos titulares dos órganos, organismos e entes das administracións públicas competentes por razón da materia.

3. Os acordos internacionais administrativos deberán respectar o contido do tratado internacional que lles dea cobertura, así como os límites que o dito tratado poida establecer para a súa subscrición. Deberán ser redactados en castelán como lingua oficial do Estado, sen prexuízo da súa posible redacción noutras linguas cooficiais das comunidades autónomas.

4. Nos acordos internacionais administrativos regulados pola presente lei incluírase, en todo caso, a referencia ao «Reino de España» xunto coa mención do órgano, organismo ou ente que os subscriba.

Artigo 39. *Informe.*

1. Todos os proxectos de acordos internacionais administrativos serán remitidos ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación antes da súa sinatura para que a Asesoría Xurídica Internacional emita informe preceptivo acerca da súa natureza e formalización. En particular, ditaminará sobre se o dito proxecto se debería formalizar como tratado internacional ou como acordo internacional non normativo. Así mesmo, antes da súa sinatura, o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación remitiralle ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas aqueles que comporten compromisos financeiros para que informe sobre a existencia de financiamento orzamentario adecuado e suficiente para atender tales compromisos.

2. O prazo para a emisión dos informes da Asesoría Xurídica Internacional e do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas será de dez días, respectivamente.

Artigo 40. *Tramitación interna.*

1. Os acordos internacionais administrativos non exixirán a tramitación prevista no título II desta lei. Os signatarios terán autonomía para decidir o procedemento, que deberá respectar, en todo caso, o establecido no tratado que lle dea cobertura.

2. O Consello de Ministros, por proposta do ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación, tomará coñecemento da subscrición dos acordos internacionais administrativos cando a súa importancia ou alcance así o aconselle.

Artigo 41. *Publicación e entrada en vigor.*

1. De conformidade coa lexislación en vigor, os acordos internacionais administrativos publicaranse no boletín oficial correspondente á Administración pública que os asine, con indicación da data da súa entrada en vigor.

2. Os que corresponda publicar no «Boletín Oficial del Estado» serano por resolución do secretario xeral técnico do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

3. Sen prexuízo do sinalado no número 1 anterior, e para os efectos de publicidade, todos os acordos internacionais administrativos se publicarán no «Boletín Oficial del Estado».

4. Os acordos internacionais administrativos validamente subscritos unha vez publicados no «Boletín Oficial del Estado» formarán parte do ordenamento interno.

Artigo 42. *Recompilacións.*

O Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación publicará periodicamente coleccións de acordos internacionais administrativos subscritos por España.

TÍTULO IV

Dos acordos internacionais non normativos

Artigo 43. *Natureza.*

Os acordos internacionais non normativos non constitúen fonte de obrigas internacionais.

Artigo 44. *Competencia.*

O Goberno, os departamentos ministeriais, os órganos, organismos e entes da Administración xeral do Estado, as comunidades autónomas, as cidades de Ceuta e Melilla, as entidades locais, as universidades públicas e calquera outro suxeito de dereito público con competencia para iso poderán establecer acordos internacionais non normativos con órganos, organismos, entes, administracións e personificacións doutros suxeitos de dereito internacional no exercicio das súas respectivas competencias.

Artigo 45. *Informe.*

Sobre os proxectos de acordos internacionais non normativos emitirá informe o servizo xurídico respectivo do órgano ou organismo público que os subscriba acerca da súa natureza, procedemento e máis adecuada instrumentación segundo o dereito internacional, en particular, ditaminará sobre se o dito proxecto se debería formalizar como tratado internacional ou como acordo internacional administrativo. Así mesmo, informará sobre a competencia para subscribilo e sobre a súa adecuación á orde constitucional de distribución de competencias. No expediente relativo a acordos non normativos que impliquen obrigas financeiras acreditarase a existencia de financiamento orzamentario adecuado e suficiente para atender os compromisos que derivan deles mediante informe do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Artigo 46. *Tramitación interna.*

1. Os acordos internacionais non normativos non exixirán a tramitación prevista no título II. Os signatarios teñen autonomía para decidir o procedemento.

2. O Consello de Ministros, por proposta conxunta do ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación e do competente por razón da materia, tomará coñecemento da subscrición dos acordos internacionais non normativos cando a súa importancia así o aconselle conforme a valoración conxunta dos ditos ministros.

Artigo 47. *Mención expresa do Estado.*

Nos acordos internacionais non normativos incluírase, en todo caso, a referencia ao «Reino de España» xunto coa mención do signatario.

Artigo 48. *Rexistro.*

De conformidade coa lexislación en vigor, unha vez asinado o acordo internacional non normativo, remitirase unha copia deste ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación para a súa inscrición no rexistro administrativo dos ditos acordos.

TÍTULO V

Das comunidades autónomas, cidades de Ceuta e Melilla e entidades locais

CAPÍTULO I

A participación das comunidades autónomas na subscrición de tratados internacionaisArtigo 49. *Proposta de apertura de negociacións.*

As comunidades autónomas poderán solicitar ao Goberno a apertura de negociacións para a subscrición de tratados internacionais que teñan por obxecto materias da súa competencia ou interese específico, ou por afectar de maneira especial o seu respectivo ámbito territorial. O Goberno resolverá motivadamente acerca da dita solicitude, por proposta do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, logo de informe do de Facenda e Administracións Públicas sobre a súa adecuación á orde constitucional de distribución de competencias, e do competente por razón da materia.

Artigo 50. *Deber de información.*

1. O Goberno, a través do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, remitiralles ás comunidades autónomas información sobre a negociación daqueles tratados internacionais que teñan por ámbito materias da súa competencia ou interese específico ou que afecten de xeito especial o seu respectivo ámbito territorial.

2. As comunidades autónomas poderanlle remitir ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación as observacións que consideren convenientes sobre a negociación. A decisión adoptada sobre as observacións deberá ser motivada e comunicarse ás comunidades autónomas.

3. As comunidades autónomas serán informadas dos tratados concluídos por España que afecten as súas competencias, sexan do seu específico interese ou incidan de xeito especial no seu ámbito territorial.

Artigo 51. *Participación na delegación española.*

1. As comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla poderán solicitar ao Goberno formar parte da delegación española que negocie un tratado internacional que teña por obxecto materias da súa competencia ou interese específico ou que afecten de xeito especial o seu respectivo ámbito territorial.

2. O Goberno decidirá motivadamente, por proposta conxunta do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación e do competente por razón da materia, acerca da procedencia da dita participación. A decisión adoptada sobre a solicitude deberá ser comunicada ás comunidades e cidades autónomas.

CAPÍTULO II

Subscripción de acordos internacionais administrativos e non normativos polas comunidades autónomas, cidades de Ceuta e Melilla e entidades locaisArtigo 52. *Subscripción de acordos internacionais administrativos.*

1. As comunidades autónomas poderán subscribir acordos internacionais administrativos en execución e concreción dun tratado internacional cando teñan por ámbito materias propias da súa competencia e con suxeición ao que dispoña o propio tratado internacional. Así mesmo, cando teñan por ámbito materias propias da súa competencia poderán subscribilos as cidades autónomas e as entidades locais.

2. Os requisitos, tramitación interna, publicación e entrada en vigor destes acordos internacionais administrativos, sen prexuízo do que se dispón no número seguinte, rexeranse polo previsto no título III da presente lei.

3. Os proxectos de acordos internacionais administrativos serán remitidos ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación antes da súa sinatura para que a Asesoría Xurídica Internacional informe acerca da súa natureza, procedemento e máis adecuada instrumentación segundo o dereito internacional. En particular, ditaminará sobre se o dito proxecto se debería formalizar como tratado internacional ou como acordo internacional administrativo. Para a emisión do seu informe, o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación solicitará cantos outros xulgue necesarios. O prazo para a emisión do informe será de dez días.

Artigo 53. *Subscrición de acordos internacionais non normativos.*

1. As comunidades autónomas poderán establecer acordos internacionais non normativos nas materias que sexan propias da súa competencia. Así mesmo, cando teñan por ámbito materias propias da súa competencia poderán subscribilos as cidades de Ceuta e Melilla e as entidades locais.

2. A tramitación interna e o rexistro destes acordos internacionais non normativos, sen prexuízo do que se dispón no número 3 seguinte, rexeranse polo previsto no título IV da presente lei.

3. Os proxectos de acordos internacionais non normativos serán remitidos ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación antes da súa sinatura para que a Asesoría Xurídica Internacional informe acerca da súa natureza, procedemento e máis adecuada instrumentación segundo o dereito internacional. En particular, ditaminará sobre se o dito proxecto se debería formalizar como tratado internacional ou como acordo internacional administrativo. Para a emisión do seu informe, o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación solicitará cantos outros xulgue necesarios. O prazo para a emisión do informe será de dez días.

Disposición adicional primeira. *Comunicación a outros suxeitos de dereito internacional.*

O Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación comunicaralles a presente lei a todos os suxeitos de dereito internacional con que España mantén relacións, incluídas as organizacións internacionais das cales é membro.

Disposición adicional segunda. *Réxime da acción exterior da Unión Europea.*

O disposto na presente lei enténdese sen prexuízo das peculiaridades que en materia de acordos internacionais poidan derivar para España como consecuencia da obriga de cumprimento do dereito da Unión Europea, en especial das disposicións do Tratado da Unión Europea e do Tratado de funcionamento da Unión Europea que regulan a acción exterior da Unión.

Disposición adicional terceira. *Sometemento ao principio de estabilidade orzamentaria.*

De conformidade co artigo 135 da Constitución española e, en particular, co establecido no artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, todos os tratados internacionais, acordos internacionais administrativos e non normativos que se vaian subscribir deberanse supeditar de forma estrita ao cumprimento das exixencias dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Para tal fin, no expediente relativo a aqueles tratados ou acordos que impliquen obrigas financeiras para a Facenda pública deberá constar a valoración das súas repercusións e efectos sobre os gastos e ingresos públicos, presentes e futuros, e acreditar, se é o caso, a existencia de financiamento orzamentario adecuado e suficiente para atender os compromisos que derivan deles.

Disposición adicional cuarta. *Contribucións ou achegas que realicen a Administración xeral do Estado, así como os organismos públicos dependentes dela, non previstas en tratados e acordos internacionais.*

A subscrición ou formalización de instrumentos xurídicos distintos dos definidos nas letras a), b) e c) do artigo 2 da presente lei, a través dos cales a Administración xeral do Estado ou os organismos públicos dependentes dela se comprometan a realizar contribucións ou achegas a organismos ou programas internacionais, públicos ou privados, aínda cando non se suxeiten ao dereito internacional, deberá ser autorizada polo Consello de Ministros, por proposta do departamento competente, logo de informe do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación sobre a súa adecuación aos fins, directrices e obxectivos da política exterior e sobre a súa natureza, procedemento e máis adecuada instrumentación xurídica. Ao expediente que se eleve ao Consello de Ministros deberá xuntarse necesariamente o informe favorable do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Disposición adicional quinta. *Actos de aplicación de tratados internacionais para evitar a dobre imposición e acordos sobre prezos de transferencia.*

Non quedan suxeitos ás disposicións da presente lei os actos de aplicación dos tratados internacionais para evitar a dobre imposición, en particular, os acordos amigables de resolución dos conflitos na aplicación dos tratados para evitar a dobre imposición. Tampouco quedan suxeitos os acordos entre administracións tributarias para a valoración das operacións efectuadas con persoas ou entidades vinculadas.

Disposición adicional sexta. *Réxime foral vasco.*

As institucións competentes do País Vasco participarán na delegación española que negocie un tratado internacional que teña por ámbito dereitos históricos, tanto se a súa actualización xeral foi levada a cabo polo Estatuto de autonomía como naqueloutros casos cuxa actualización singular fose realizada polo lexislador ordinario no marco da disposición adicional primeira da Constitución e, de ser o caso, do Estatuto de autonomía para o País Vasco.

Disposición adicional sétima. *Réxime específico da Comunidade Foral de Navarra.*

As institucións competentes de Navarra participarán na delegación española que negocie un tratado internacional que teña por ámbito dereitos históricos, tanto se a súa actualización xeral foi levada a cabo pola Lei orgánica de reintegración e amelloramento do réxime foral de Navarra como naqueloutros casos cuxa actualización singular fose realizada polo lexislador ordinario no marco da disposición adicional primeira da Constitución e, de ser o caso, da Lei orgánica de reintegración e amelloramento do réxime foral de Navarra.

Disposición adicional oitava. *Accesibilidade na páxina web do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.*

A publicación de coleccións de tratados e acordos en vigor prevista nos artigos 27 e 42 será accesible a través da páxina web do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

Disposición derogatoria. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan á presente lei e, en particular, o Decreto 801/1972, do 24 de marzo, sobre ordenación da actividade da Administración do Estado en materia de tratados internacionais.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

A presente lei dítase ao abeiro do artigo 149.1.3.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de relacións internacionais.

Disposición derradeira segunda. *Rexistro de acordos internacionais non normativos.*

O Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación adoptará as medidas pertinentes para a posta en marcha e a xestión do rexistro administrativo dos acordos internacionais non normativos, cuxa publicidade se rexerá polas disposicións reguladoras da publicidade dos rexistros administrativos.

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento normativo.*

Autorízase o Goberno e os titulares dos departamentos ministeriais, nos ámbitos das súas respectivas competencias, para ditar as disposicións que resulten necesarias para o adecuado desenvolvemento do establecido na presente lei.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 27 de novembro de 2014.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY